

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **17 de xaneiro de 2019**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. ^a Ana María Villarino Pardo DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. ^a Isabel Gil Álvarez D. Adolfo González Nóvoa D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes INTERVENTORA ACCTAL: D. ^a Begoña Álvarez Matos Asiste tamén o director da Área de Transparencia do Fernando Suárez.	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 17 de xaneiro de 2019 , ás 17.30 horas, baixo a presidencia de dona Ana María Villarino Pardo e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
---	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 13 DE DECEMBRO 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 13 de decembro de 2018, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- PROGRAMA DE ASISTENCIA AO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS PARA A XESTIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DO CICLO URBANO DA AUGA DELEGADOS NO CONSORCIO.-

O Sr. vicesecretario explica o contido da proposta.

Non se producen intervencións e c voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1. Aprobar o programa de asistencia ao Consorcio de Augas de Valdeorras para a xestión dos servizos municipais do ciclo urbano da auga delegados no consorcio para o exercicio 2019, co seguinte contido:

1) Obxecto

Constitúe o obxecto deste programa a regulación das condicións para a prestación ao Consorcio de Augas de Valdeorras de asistencia técnica, xurídica e administrativa para a xestión dos servizos municipais do ciclo urbano da auga delegados no dito consorcio polos concellos da comarca durante o exercicio 2019.

O presente programa adóptase no exercicio da competencia provincial para prestarlles asistencia e cooperación aos concellos e demais entidades locais en materia de servizos municipais prevista nos artigos 36.1.b) da Lei 7/1985, *de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local*, tendo en conta as competencias de xestión dos servizos públicos de abastecemento domiciliario de auga potable e sumidoiros do municipio do Barco de Valdeorras e depuración de augas residuais da totalidade dos municipios da comarca, delegadas no Consorcio.

2) Condicións da prestación do servizo

A Deputación Provincial de Ourense prestaralle ao Consorcio de Augas de Valdeorras as seguintes asistencia técnicas:

1. Xestión do servizo de abastecemento de auga potable delegada polo Concello do Barco de Valdeorras:

- a. Programación e supervisión técnica do mantemento preventivo dos sistemas de almacenamento e regulación de auga potable (ETAP's e depósitos) e da rede de distribución.
- b. Mantemento correctivo dos sistemas de almacenamento e regulación de auga potable (ETAP's e depósitos) e da rede de distribución.
- c. Supervisión e asistencia técnica para a execución de acometidas de abastecemento.
- d. Realización de controis analíticos de calidade da auga abastecida e asistencia para o cumprimento das obrigas derivadas do RD 140/2003.
- e. Asistencia para a lectura de contadores, elaboración de padróns de contribuíntes e preparación material de facturación das taxas de abastecemento e do canón da auga.
- f. Limpeza ordinaria de depósitos.
- g. Formación continua do persoal do Consorcio e asistencia en materia de prevención de riscos laborais.
- h. Asistencia xurídica para a elaboración de ordenanzas e xestión dos expedientes relacionados cos servizos, incluída a elaboración de ordenanzas fiscais e dos informes xurídicos e económicos precisos.
- i. Xestión da contratación e facturación dos distintos conceptos relativos á subministración de enerxía eléctrica para as infraestruturas do servizo así como o combustible conforme o realmente consumido e soportado pola Deputación.

2. Xestión do servizo de saneamento (rede de sumidoiros) delegada polo Concello do Barco de Valdeorras no consorcio:

- a. Programación e supervisión técnica do mantemento preventivo dos elementos constitutivos de manobra, control e protección e da rede de saneamento.
- b. Mantemento preventivo dos elementos constitutivos de manobra, control e protección e da rede de saneamento.
- c. Supervisión e asistencia técnica para a execución de acometidas de saneamento.

d. Asistencia para a elaboración de padróns de contribuíntes e preparación material de facturación das taxas de saneamento.

e. Formación continua do persoal do Consorcio e asistencia en materia de prevención de riscos laborais.

f. Asistencia xurídica para a elaboración de ordenanzas e xestión dos expedientes relacionados cos servizos, incluída a elaboración de ordenanzas fiscais e dos informes xurídicos e económicos precisos.

g. Xestión da contratación e facturación dos distintos conceptos relativos á subministración de enerxía eléctrica para as infraestruturas do servizo así como o combustible conforme co realmente consumido e soportado pola Deputación.

3. Xestión do servizo de depuración comarcal de Valdeorras:

a. Programación e supervisión técnica do mantemento preventivo das infraestruturas de depuración de augas residuais (incluíndo a supervisión e asistencia técnica e a subministración dos repostos que sexan necesarios).

b. Programación e supervisión técnica dos traballos de baleirado e limpeza das fosas sépticas existentes nos municipios da comarca e traslado dos lodos a unha planta de tratamento.

c. Xestión de lodos en infraestruturas de depuración non dependentes do Consorcio de Augas, no caso de ser necesaria.

d. Asistencia xurídica para a elaboración de ordenanzas e xestión dos expedientes relacionados co servizo, incluída a elaboración de ordenanzas fiscais e dos informes xurídicos e económicos precisos.

e. Formación continua do persoal do Consorcio e asistencia técnica na prevención de riscos laborais do persoal do Consorcio.

f. Realización dos controis analíticos esixidos pola lexislación vixente na auga tratada nas infraestruturas de depuración.

g. Xestión da contratación e facturación dos distintos conceptos relativos á subministración de enerxía eléctrica para os distintos elementos que integran o servizo

así como o combustible conforme co realmente consumido e soportado pola Deputación.

A Deputación Provincial de Ourense realizará, por xestión directa a compra de enerxía eléctrica e combustible que serán obxecto de repercusión aos concellos nos termos previstos na cláusula 3ª.2. O resto do servizo de asistencia técnica será prestado pola Deputación Provincial de Ourense de forma indirecta a través da entidade Aquaourense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente SA, sociedade de capital mixto participada pola Deputación Provincial, na súa condición de concesionaria do servizo provincial de asistencia e cooperación con entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente.

A prestación das asistencias técnicas pola Deputación non prexulga nin altera a competencia do Consorcio para a adopción de todos os actos administrativos que esixa a xestión do servizo, nin altera tampouco o modo de xestión, que continuará a ser a xestión directa polo propio Consorcio sen órgano especial de xestión ata que este réxime de prestación non sexa modificado polo Consorcio.

En consecuencia, a xestión do servizo continuará sendo de titularidade do Consorcio para todos os efectos, limitándose a Deputación Provincial a prestarlle asistencia a mencionada xestión consorcial, nos termos recollidos na presente cláusula.

3) Retribucións económicas

1. En consideración polo servizo prestado, agás á subministración de enerxía eléctrica e combustible, a concesionaria da Deputación Provincial percibirá os seguintes prezos públicos:

a) Pola prestación da xestión do servizo de abastecemento de auga potable: 123.625,68 €.

b) Pola prestación da xestión do servizo de saneamento: 39.626,30 €.

c) Pola prestación da xestión do servizo de depuración comarcal: 225.846,40 €.

Ás tarifas sinaladas aplicaráselles o IVE vixente en cada momento.

2. En consideración polos custos de enerxía eléctrica e combustible soportados pola Deputación, esta repercutirá ao Consorcio a cantidade efectivamente facturada polas

empresas subministradoras nestes conceptos. Con carácter estimativo para o ano 2019 prevense os seguintes importes:

- a) Pola prestación da xestión do servizo de abastecemento de auga potable: 32.000 €, IVE incluído.
- b) Pola prestación da xestión do servizo de saneamento: 34.000 € IVE incluído.
- c) Pola prestación da xestión do servizo de depuración comarcal: 183.000 € IVE incluído.

Os prezos públicos e a compensación polo custo da enerxía eléctrica facturaranse cuatrimestralmente ao Consorcio, mediante a emisión da correspondente factura pola concesionaria e a aprobación e notificación da correspondente liquidación pola Deputación, no caso dos custos soportados por esta. En ambos casos, o Consorcio disporá dun prazo de trinta días naturais para efectuar o pagamento.

Transcorrido o mencionado prazo sen realizar o pagamento das liquidacións correspondentes, a Deputación poderá exercer cantas accións legais ou administrativas lle correspondan para o cobro efectivo das cantidades endebedadas á propia Deputación ou á súa concesionaria, incluíndo a compensación da mencionada débeda cos créditos de que o Consorcio dispoña fronte á Deputación.

4) Comisión de seguimento, control e vixilancia

Establécese unha Comisión de Seguimento, Control e Vixilancia do programa que estará formada por un representante do Consorcio (designado por este entre os representantes dos municipios da súa asemblea) e un representante da Deputación (designado pola Presidencia).

A secretaría será exercida polo persoal funcionario da Deputación que designe o presidente, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado conforme co establecido na Subsección 1, Sección 3ª, Título preliminar da Lei de réxime xurídico do sector público.

A Comisión terá funcións de control, seguimento e interpretación do presente programa, conforme co establecido no artigo 49.f) da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

5) Vixencia

O presente programa estará vixente dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019. A entrada en vigor do programa, en todo caso, condiciónase á aceptación por parte do Consorcio.

Non obstante o anterior, dado o carácter esencial dos servizos públicos que son obxecto de asistencia, o Consorcio seguirá a prestar a dita asistencia ata tanto non se rexeite expresamente o programa por parte do Consorcio. En caso de rexeitamento, liquidaranse as prestacións efectivamente realizadas conforme coas condicións económicas previstas no presente programa para o período de efectiva prestación.

6) Extinción do programa

O presente programa só se extinguirá polo cumprimento do prazo da súa vixencia.

7) Natureza e réxime xurídico

O presente programa terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

Será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, unha vez aceptado polo Consorcio, para xeral coñecemento.

2. Remitirle o dito programa ao Consorcio de Auga de Valdeorras para os efectos de que proceda á súa aceptación, e ordenar a súa publicación no BOP para xeral coñecemento.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A POSTA EN SERVIZO DA PLANTA DE VALORIZACIÓN DE RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN.-

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (6), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Que a Deputación de Ourense poña en marcha sen máis dilación o servizo supramunicipal de recollida e tratamento de residuos de obras da construción e demolición, aprobado polo pleno en setembro de 2014.

2º.- Que a Deputación de Ourense poña en funcionamento a planta de valorización de residuos da construción situada no Concello de Xinzo de Limia para darlle servizo ao resto da provincia.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A presidenta da conta de que o BNG presentou un escrito esta mañá para a súa resposta oral nesta comisión, no que se pregunta se esta Deputación coñece o informe técnico ao que se fai referencia na información aparecida en diversos xornais en relación con que resulta inviable facer un balneario na antiga cadea de Ourense. En caso afirmativo, se poderían explicar como afectaría a un posible proxecto de balneario termal nesas instalacións. En todo caso demandan que se fose posible se lles facilite unha copia do devandito informe.

A **presidenta da comisión** contesta que nesta administración non nos consta ningún informe en relación coa cuestión formulada.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, formula dúas preguntas: en primeiro lugar respecto dunha moción aprobada no Pleno da Deputación o ano 2017, a proposta do Grupo Popular, referida a unha rede de albergues, solicita que se lle informe sobre o estado de tramitación das actuacións alí previstas; en segundo lugar pregunta sobre o estudo de medición de gas radon que se realizou nas dependencias provinciais, solicitando que igualmente se lles informe sobre os resultados obtidos e posibles actuacións para realizar.

A **presidenta da comisión** di que se lle contestará por escrito.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, pregunta que, unha vez visto que na prensa se anuncia unha presenza espectacular da Deputación Provincial na feira FITUR, solicita que se lle informe da relación de cargos e persoas que van acudir, as accións que van desenvolver e os gastos nos que incorrerá a Deputación neste evento.

A **presidenta da comisión** di que se lle contestará por escrito.

E, ás 17.40 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan a presidenta e o secretario. Certifico.